

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL, RESOLUCIÓN DO 30 DE MAIO DE 2022, PUBLICADA NO DOG Nº 111 DE 10 DE XUÑO DE 2022

## **ACTA 7**

### **MODIFICACIÓN NA LISTA DE DESTINOS PROVISIONAIS E DOTACIÓNS (artigo 12)**

En Santiago de Compostela a 8 de setembro de 2022 reuniuse, na sede do Igape, o Comité de Selección constituído de acordo co establecido no artigo 11 das bases da convocatoria de 37 prazas para a capacitación de xóvenes profesionais en materia de internacionalización empresarial publicadas na Resolución do 30 de maio de 2022 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do IGAPE, que aproba as bases reguladoras do Programa (DOG nº 111 do 10 de xuño de 2022).

O Comité de Selección coa presenza dos seguintes membros:

**PRESIDENTE SUPLENTE :** Augusto Álvarez-Borrás Massó, director da Área de Internacionalización do IGAPE

**VOGAL:** Rut Beatriz Pereira Rodríguez , técnico responsable de Internacionalización

**SECRETARIO:** Alberto Fernández Pérez, técnico de internacionalización.

### **ACORDA**

1. Publicar unha modificación na lista de destinos provisionais e dotacións (Anexo I), que se deu a coñecer coa acta 6 publicada o 06/09/2022, de xeito que se engada a lista de destinos publicados o da oficina do Icx en Ottawa e deixa de estar disponible Toronto.

Como establece o artigo 12.4: “A asignación de destinos farase respectando as preferencias do/da candidato/a en función da súa puntuación no baremo e dos destinos dispoñibles. Co fin de facilitar o proceso de asignación de destinos, cada candidato/a deberá manifestar a súa orde de interese por todos os destinos dispoñibles. Das 37 bolsas ofrecidas, 25 serán para destinos no estranxeiro e 12 para Galicia. Na prórroga da bolsa terán preferencia de elección de destino no estranxeiro os que tivesen como destino Galicia no primeiro ano da bolsa, por orde de puntuación no baremo e, posteriormente, tamén por orde de puntuación no baremo, os que estivesen no estranxeiro durante o primeiro ano da bolsa. A repetición de destino na prórroga da bolsa quedará supeditada á conformidade por parte do organismo de acollida do/da bolseiro/a.

En todo caso, en función da dispoñibilidade de destinos, os candidatos que superasen a proba de idioma adicional terán como primeiro destino un país que requira o dito idioma adicional. Unha vez cubertos os destinos vinculados aos idiomas adicionais, o comité de selección adxudicará o resto de destinos seguindo os criterios xerais definidos anteriormente.

No caso de que o número de solicitantes que superen a fase de selección sexa inferior a 37, o Igape publicará unha relación de destinos axustada a ese número inferior.”

2. O prazo para manifestar o interese polos destinos dispoñibles será de tres días dende o día seguinte ao de publicación deste acta. Se o solicitante xa manifestou os seus destinos en relación coa acta 6 poderá presentar un novo listado por rexistro incluíndo o destino Ottawa na súa relación de preferencias. Se non se presenta modificación algunha entenderase que o destino Ottawa é o de menor interese para o solicitante.
3. A preferencia de destinos deberá facerse de xeito telemático na oficina virtual do Igape, mediante o cuestionario con código PE001, de xeito que as preferencias do candidato queden presentadas no seu expediente.
4. No caso de que o solicitante non manifeste ningunha preferencia de destino será o Igape o que asigne o destino da bolsa seguindo o seu propio criterio.
5. Por último, infórmase dos seguintes pasos na tramitación do programa, segundo establece o artigo 12.5 das bases:

“Unha vez asignados os destinos, o órgano instructor confeccionará a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes e elevará a proposta de resolución ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección do Igape. En caso de empate terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.”

En Santiago de Compostela

O Presidente Suplente do Comité

Augusto Álvarez-Borrás Massó

**ANEXO I****DESTINOS PROVISIONAIS E DOTACIÓN BRUTA MENSUAL POR DESTINO**

Destinos provisionais e institución de destino	Dotación bruta mensual en euros*
Galicia	1.200,00
Bogotá, Colombia (ICEX)	2.008,33
Casablanca, Marrocos (IGAPE)	2.158,33
Chicago, EEUU (ICEX)	3.083,33
Doha, Catar (ICEX)	3.216,67
Dubai, EAU (ICEX / IGAPE)	3.008,33
Estocolmo, Suecia (ICEX)	2.800,00
Helsinki, Finlandia (ICEX)	2.625,00
Johannesburgo, Sudáfrica (ICEX)	2.058,33
Kuala Lumpur, Malasia (ICEX)	2.066,67
Lima, Perú (ICEX)	2.091,67
Lisboa, Portugal (ICEX)	1.925,00
Ciudad de México, México (IGAPE)	2.108,33
Miami, EEUU (IGAPE)	3.000,00
Milan, Italia (ICEX)	2.408,33
Nueva York, EEUU (ICEX)	3.491,67
Ottawa, Canadá (ICEX)	2.366,67
Riad, Arabia Saudita (ICEX)	3.050,00
Sao Paulo, Brasil (ICEX)	2.275,00
Singapur, Singapur (ICEX)	3.291,67
Tokio, Japón (ICEX)	3.566,67
Yakarta, Indonesia (ICEX)	2.125,00

\*Importe da dotación bruta durante cada un dos 11 meses de duración da bolsa. O importe expresado na táboa non inclúe a asignación para cubrir os gastos de desprazamento, seguro, formación ou adquisición dun portátil detallados no artigo 6.2 das bases. Asimesmo, o importe consignado para cada destino é o importe bruto, é dicir, previo a que se practiquen as retencións por IRPF, IRNR ou cotas da Seguridade Social que en cada caso correspondan.